

MAMÁNTULA

Ion de Sosa, 2023

1304

ESTREA EN NUMAX: 03.06.2024 | V.O. | +18 | 49 min

Mamántula é o rapaz ao que todos desexan, pero tamén unha araña xigante travestida de humano, froito dun breve encontro no Tiergarten berlinés nun pasado alternativo de saunas brutalistas, interminables corredores de metro e detectives con sombreiro e gabardina. Cada amante de Mamántula é unha nova vítima do seu apetito insaciable de vinganza e seme, e cada vítima un fio máis na arañeira coa que pretende apresar o planeta enteiro.

«Confirma a De Sosa como un cineasta que sempre busca as marxes do narrativo»

Fernando Bernal, OTROS CINES



Entrevista con Ion de Sosa: «O filme ten humor, pero non é un chiste»

Por Natxo Velez

Como foi o proceso de rodaxe de *Mamántula*? Foi unha das experiencias cinematográficas máis plenas e gratas da miña vida. Paola Álvarez, a produtora de Berlín, predispuxo, con gran esforzo e cunha fe cega, que tivésemos todo o que necesitásemos para rodar o filme. A priori, non se descartaba nada do texto por crer que sería demasiado difícil ou por non querer meterse nos problemas.

Sentinme moi ben acompañado en todo momento. Carmen Main, a deseñadora de produción, Jorge Castrillo, o director de fotografía, e, en xeral, todo o equipo técnico e artístico foron moi xenerosos no esforzo e á hora de asumir riscos estéticos e formais.

O filme móvese entre o xénero negro e a ciencia ficción. Como te manexaches coas convencións de cada un dos xéneros, aínda que sexa para rompelas? Para min, o filme é unha bonita mestura entre un episodio de *Expediente X* (Chris Carter, 1993), *Veludo azul* (David Lynch, 1986) e *Rex, un policía diferente* (Peter Moser, Peter Hajek, 1994). Ten algo televisivo e algo poético, e ambas linguaxes conviven. O filme é esteticamente un soño de adolescencia, un thriller que contén crime, unha forma particular, sensualidade e humor.

Tiñamos claras as nosas referencias principais: *Shivers* (David Cronenberg, 1975), *Possession* (Andrzej Zulawski, 1981), *Cruising* (William Friedkin, 1980), *Under the skin* (Jonathan Glazer, 2013), *Hiroshima, mon amour* (Alain Resnais, 1959) e o libro de fotografías *The ballad of sexual dependency* de Nan Goldin, que levabamos sempre na maleta de cámara para inspirarnos en momentos de obnubilación.

Os deseños dos corpos sen vida que deixa *Mamántula* están inspirados en obras de Francis Bacon e Anish Kapoor. Corpos deformes, infectados, inchados e desinflados, e compostos de texturas ricas en matices para conseguir dar moito noxo con algo moi belo. É un filme simple que consegue unha delicada harmonía entre elementos de procedencias dispares.

Como foi o proceso de construír e dotar á vez de misterio e personalidade os personaxes de *Mamántula* e a investigadora principal, interpretada por Lorena Iglesias? A grandes liñas, *Mamántula* é o personaxe extraterrestre de Scarlett Johansson en *Under the skin* vestido como Schwarzenegger en *Terminator 2* (James Cameron, 1991). Ambos personaxes comparten con *Mamántula* que veñen doutro plano, outro planeta ou outro tempo, e que están entre nós como algo antropomorfo pero alleo totalmente aos humanos, e ambos vanse sensibilizando coa nosa especie a medida que van pasando tempo con nós. Cólennos cariño.

Moisés Richart ten esa presenza magnética que dá carácter ao personaxe só con como se move ou como mira. Encántame traballar con el. Lorena é Dana Scully, Clarice Starling e o axente Dale Cooper de *Twin Peaks* (David Lynch, 1990): intuitiva, obsesiva, intelixente, temperada... A mellor da súa promoción. É un personaxe clixé, pero a interpretación de Lorena faino particular, caótica, cun pasado que case non desvela pero que parece que vén de volta de todo (...) Todo o reparto está marabilloso nun ton que non era nada fácil. Durante a rodaxe non me cansaba de repetirlles aos actores: “O filme ten humor, pero non é un chiste”.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Under the skin,
Jonathan Glazer.
Cameo [BD]

Queer Horror,
Carlos A. Cuellar
Alejandro.
Shangrila, 2020

Scream Queer 2.
La venganza,
Javier Parra.
Dos bigotes, 2023